



## **FONDO SOLIDARIO E AXUDAS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR PARA 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA CURSO 2021-2022**

**-Lexislación aplicable:** *ORDE do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2021/22 (código de procedemento ED330B).*

O alumnado ten a **obriga de conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable** adquiridos na súa integridade con cargo ao importe das axudas.

Será un requisito imprescindible, para obter a axuda do fondo de libros a **devolución dos libros de texto pertencentes ao fondo solidario (ALUMNADO QUE ESTEA CURSANDO 3º EP ESTE CURSO).**

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** 21 de MAIO ata o 22 de XUÑO DE 2021 (incluídos)

A **solicitud será única para todos os fillos** e, de ser o caso, tutelados, que estean **admitidos no mesmo centro docente para o curso 2021/22**, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no citado curso. **Se estivesen admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros.** No caso de que **a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación fondolibros será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno.**

### **LUGAR DE PRESENTACIÓN :**

Tal e como establece a orde no artigo 9.3 as solicitudes presentaranse **preferiblemente** accedendo á aplicación [Fondolibros](#), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

**Opcionalmente** poderanse presentar as solicitudes de xeito presencial no centro docente ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Poderán presentar solicitudes os pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado.**

- **Asignación de libros de texto para 3º e 4º de EP (educación primaria) será de:**

1. Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros: seis (6) libros de texto
  2. Alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 euros e igual ou inferior a 10.000 euros: catro (4) libros de texto.
  3. Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou unha discapacidade igual ou superior o 65%: seis (6) libros de texto, con independencia da renda.
- A contía da axuda para **adquirir material escolar** destinado ao alumnado matriculado en EP con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros será de : 50 euros

## **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR** (en Sede Electrónica ou centro escolar)

Deberase achegar os documentos orixinais ou copias cotexadas. **Cando a documentación se presente no centro docente, achegaranse fotocopias e os respectivos orixinais, para que a persoa que a reciba verifique a súa autenticidade.**

- **ANEXO I** debidamente cuberto

### **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:**

- **ANEXO II** para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar. No caso de **que a persoa solicitante e/ou os membros computables se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e ademais deberán de achegar os documentos xustificativos** (DNI, Renda 2019, Certificado grao de discapacidade, Pensión por incapacidade,...).

- **Copia do libro de familia ou documento equivalente** onde figuren todos os membros computables da unidade familiar.

**En caso de separación ou divorcio**, deberase achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor

Nos casos en que **non teñan libro de familia** ou este non reflecta a situación a 31 de decembro do 2019, poderán acreditar o número de membros computables utilizando, entre outros:

1º. Certificado ou volante de convivencia

2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

- **Certificado acreditativo do grao de discapacidade**, se fose o caso, recoñecido **por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia**.

- **Violencia de xénero**: Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

- **Resolución xudicial de incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

- **Resolución administrativa ou xudicial acreditativa** da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia

- **Certificado de convivencia**, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor e titores carezan de DNI e NIE.

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro do 2019, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

### **CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR:**

Para os cálculos da **renda familiar** terase en conta o **exercicio fiscal do 2019**, sumarase a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible de aforro (recadro 460) e dividirase polo número de membros computables da unidade familiar (Para saber quen son os mesmos computables da unidade familiar seguirase o establecido no Artigo 4. *Membros computables da unidade familiar da Orde do 6 de maio de 2021* que regula este procedemento).

No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.